

# MEDIOEVO Y LITERATURA

Actas del V Congreso de la Asociación  
Hispánica de Literatura Medieval

(Granada, 27 septiembre - 1 octubre 1993)

Volumen IV

Edición de Juan Paredes

GRANADA  
1995

© ANÓNIMAS Y COLECTIVAS.

© UNIVERSIDAD DE GRANADA.

MEDIOEVO Y LITERATURA.

ISBN: 84-338-2023-0. (Obra completa).

ISBN: 84-338-2024-9. (Tomo I).

ISBN: 84-338-2025-7. (Tomo II).

ISBN: 84-338-2026-5. (Tomo III).

ISBN: 84-338-2027-3. (Tomo IV).

Depósito legal: GR/232-1995.

Edita e imprime: Servicio de Publicaciones de la Universidad de  
Granada. Campus Universitario de Cartuja. Granada.

*Printed in Spain*

*Impreso en España*

# Toponimia nas cantigas de sátira obscena do cancioneiro medieval galego-portugués

Considerando a división tradicional de xéneros do cancioneiro medieval profano galego-portugués (amigo, amor, escarño e maldicir), hai unha desigual presencia de topónimos en cada un deles. O xénero que menos topónimos incorpora é o de cantigas de amor, sen dúbida pola ambigüidade derivada do exercicio estilístico que o conforma. Por non ser exhaustivo e collendo un patrón que permita unha comparación axeitada, acouto esta a dúas antoloxías, a de Pinheiro Torres e a de Xosé Ramón Pena.

No conxunto de cantigas de amor escolmadas nestas dúas obras, temos os topónimos seguintes:

Monte-maior <sup>1</sup>	Gil Sánchez	CA332 CBN 48
Elvas	Vidal	CBN1605 CV1138
		CBN1606 CV1139
Barcelos		
Faria	Xohan Garcia de Guilhade	APT: 307 <sup>2</sup>
Nogueira	Pedro Eanes Solaz	APT: 488
Lixboa <sup>3</sup>	Joam Zorro	CBN1151 CV 754
Cambrai [pres de]		
Lampai		
Minho-Doiro		
Gaia		
Crecente	Xohan Airas	CBN 960 CV 547

1. Hoxe Montemor-o-Velho (XRP:19).

2. Pinheiro TORRES na súa antoloxía non indica o número de cantiga dos cancioneiros (CBN, CV, CA).

3. Pena inclúe no apartado de cantigas de amor a de Joam Zorro *Em Lixboa, sobre lo mar*. Para Pinheiro Torres (APT:545) sería de amigo. Na miña opinión, esta cantiga sería un híbrido de amor e de amigo (tema do primeiro e estructura do segundo).

Na escolma de cantigas de amigo aparecen os seguintes, agrupándoos por motivos:

*romaría*

Santa Cecilia	Martin de Xinzo	APT:294 e APT:295
Soveral	Martin de Xinzo	APT:296
Santiago	Airas Corpancho	CBN 663 CV 265
	Airas Nunes	CBN 874 CV 458
San Simión	Mendinho	CBN 852 CV 438
San Clemenço	Nuno Perez	APT:380 e APT:381-382
	Nuno Treez	CBN1203 CV 808
Paris <sup>4</sup>	Nuno Perez	APT:381-382
San Servando	Xohan Servando	CBN1147 CV 739
San Mamede	Xohan de Cangas	CBN1269 CV 875

*campaña*

Granada	Rui Martins	APT:150 e APT:151
Geen <sup>5</sup>	Pai Gomez Chariño	CBN 843 CV 429
Sevilla	Rui Fernandes	APT:288
Catalonha	Pero Mafaldo	APT:346
A Guarda	D. Sancho I	CBN 456
Estela <sup>6</sup>		
Castela	Pero Gonçalvez	CBN 861 CV 505

*lugar dunha pastor*

Crexente [souto]		
Sar [ribas]	Airas Nunes	APT:452-453
San Simon de Valdeprados	Pero de Viviães	CBN 735 CV 336

*outros*

Compostela	Pedro Amigo de Sevilla	APT:466-467
------------	------------------------	-------------

4. Candeas de Paris.

5. Hoxe Jaén.

6. Toucas de Estela.

Lugo		
Santiago <sup>7</sup>	Fernando Esquío	CBN1299 CV 903
Portugal <sup>8</sup>	Xohan Garcia de Guillade	APT:309
Estremadura	Joam Zorro	CBN1156 CV 758

Vemos que a mor parte da toponimia presente nas cantigas de amigo é de ámbito rural –nomeadamente lugares de romaría– ou extraterritoriales –lugar onde está o amigo ausente, en campaña guerreira. Do mesmo xeito que os xéneros de amigo e de amor son más abstractos, a toponimia que empregan –nomeadamente os *topoi* de iniciación amorosa do primeiro– son más ambiguos cós topónimos do xénero satírico. Os ataques persoais, políticos, sociais, etc. necesitan duns referentes más precisos: lugar de orixe e/ou residencia, oficio, ambiente. Por iso os autores tiñan que incorporaren un nivel superior de información, moitas veces referente a toponimia urbana.

Como sexa que as cantigas de escarño e maldicir non constitúen un xénero homoxéneo, e mesmo os críticos e eruditos discrepan no intre de agrupar as cantigas por temas ou subxéneros<sup>9</sup>, na presente comunicación non terei presente o *corpus* do cancionero de sátiras na súa totalidade, tanto por razón de heteroxeneidade como de número de cantigas, acoutando o estudio toponímico ás cantigas de sátira obscura.

Antes de entrar nunha análise polo miúdo, no ámbito acoutado nesta comunicación aparecen os reinos de Portugal, Castela, Aragón, León e Asturias, pero non os topónimos Galicia nin Andalucía<sup>10</sup>.

Entre as poboacións importantes hai cidades e vilas castelás (Burgos, Palencia, Benavente, Toledo), leonesas (Carrión, Zamora, León, Sahagún, Astorga), portuguesas (Leirea, Santarem, Porto, Gaia), galegas (Santiago, Viveiro, Redondela, Lugo) e andaluzas (Cádiz, Sevilla, Xerez, Jaén). Tamén teño en consideración os patronímicos.

7. Santiago a Lugo.

8. *Trovadores son no reino de Portugal...*

9. LAPA, M. Rodrigues, *Lições de Literatura portuguesa* (138 e segs.).

SCHOLBERG, K., *Sátira e invectiva en la España medieval* (63).

MARTINS, M., *A sátira na Literatura Medieval Portuguesa*.

TAVANI, G., *A poesía lírica galego-portuguesa (171-198)* e Ramón MENÉNDEZ PIDAL, *Poesía juglaresca y juglares (195-262)* non fan grupos temáticos de cantigas.

10. Daquela aínda dividida entre cristiáns e árabes, e entre estes en pequenos reinos, non constituindo unidade de ningún xeito.

*RL 11 CBN 481 CV 64*

Falando dun tal Joan Rodriguez que quere probar a medida dos seus atributos virís coa Balteira (*per que colha sa madeira*), di que xa a probara noutras e, cunha grande fachenda, engade que *esta é a midida d'Espanha/ca non de Lombardia nen d'Alamanha*.

Habería, pois, un certo chovinismo xenital a prol da medida peninsular fronte ás estranxeiras.

*RL 23 CBN 493 CV 76*

*Ao daian de Cález.* Sátira contra un deán gaditano que lería libros pornográficos para ter habelencia sexual. Sería o mesmo deán có da cantiga RL29-CBN459.

*RL 30 CBN 460*

Cantiga contra un pertigueiro (alto cargo eclesiástico) das terras galegas do Deza.

*RL 36 CBN 908 CV 555*

Escarño de amor, segundo Rodrigues Lapa, no cal o trobador láiase do percorrido que, por mor das mulleres, ten que facer de *Castr'a Burgos e end'a Palença; e de Palença sair-mi a Carrion/e end'a Castro...*<sup>11</sup>

*RL 39 CBN1581 CV1113*

O trobador apela a non coñecer o *foro de León* que lle queren aplicar.

*RL 48 CBN1590 CV1122*

Burla dunha muller vella a quen o autor querería trobar *quand'en Toledo fiquei desta vez.*

*RL 59 CBN1741 CV1081*

Sátira sobre a casa que *en Arouca (...)* faría, dicindo que para facela ten todo o necesario, agás de *madeira nova*. Arouca foi un importante mosteiro feminino no noreste de Lisboa. Por iso, a *madeira nova* pedida sería unha novicia.

---

11. Este *Castro* corresponde á actual localidade burgalesa de Castrogeriz.

**RL 62 CBN1560**

Sátira contra un arraiz [capitán] que, cando *en Leirea tragia*, por ter relacóns co seu señor Roí García, engordaba, cousa que tamén lle sucedeu cando *veo a Santaren*.

**RL 63 CBN 415 CV 26**

Esta cantiga describe mediante diversos nomes a outros tantos tipos de muller, a unha das cales *aquel homen de Çamora* chamou.

**RL 71 CBN 885 CV 468**

O crego-trobador conta o asalto (sexual?) que sufriu un bispo compostelán a quen acompañaba na *Redondela*. O autor di que *nunca entrara en lide* pero que xa tivera relacóns con mulleres *cabo Valedolide (...) e en Molide*<sup>12</sup>. Redondela é unha vila situada no fondo da ría de Vigo, de grande importancia na Idade Media.

**RL 80 CBN1479 CV1090**

Sátira contra Fernan Diaz, que quería casar, insinuando a súa homosexualidade. Facendo énfase nisto di *ca d'Estorga atá San Fagundo/don' á que á de Don Fernando torto/ca por outro casamento anda morto,/d'ome...*<sup>13</sup>

**RL 81 CBN1480 CV1091**

Nova sátira contra este Don Fernan Diaz, a propósito do seu cargo de *adeantado (...) de San Fagundo e d'Esturas d'Ovedo*. Sería, pois, un persoero importante na estructura administrativa do reino castelán-leonés.

**RL100 CBN1300 CV 905**

Sátira contra un (possible) mouro converso porque non pode tirar froito *dúa gran vinha que ten en Valada*. Non atopei o topónimo *Valada*. Si, en troques, algúns Valado en Galicia. Sen embargo, a circunstancia de que Estevan da

12. MARTINS, M., (MM:93) trabuca absolutamente estas referencias topónimicas cando di que *Airas Nunes, francamente, andava com pouca sorte, pelo menos em Redondela e perto de Valhadolide* [sic] (...) *Perto de Valhadolide, Estevão Nunes Churruchão, meirinho da Galiza entre 1285 e 1288, mandou-o prender*. Martins (ou os posteriores editores da súa obra) ignora a perfecta situación que RODRIGUES LAPA (CEM:119) dá a Valedolide: *lugar da regi o de Arz a, entre Melide e Santiago de Compostela*. Martins confunde a localidade galega Valedolide coa cidade castel a Valladolid.

13. *Estorga* ´e a actual cidade leonesa de Astorga e *San Fagundo* a actual Sahag n.

Guarda fose portugués ou vivise moito tempo en Portugal, e o feito de falar dun mouro converso —que non os habería en Galicia— faíme desestimar o topónimo como galego.

#### *RL130 CBN1511*

Cantiga pertencente ao chamado “ciclo de amas e tecedeiras”. O trobador, falando das virtudes dunha dama, di que *o seu marido, de crastar verrões/non lh'achan par de Burgos a Carrion*. Asinala que, entre as virtudes da dama, *non acharedes, en toda Castela (...) /melhor ventrulho nen mellor morcela*. Comparar por comparar, maiores serían as virtudes dela pois abranguen *toda Castela*, mentres que as do marido —en canto a posible competencia— fica limitada a *de Burgos a Carrion*.

#### *RL136 CBN1337 CV 944*

Burla contra a (suposta) castidade do mosteiro de *Dormãa*.

O trobador pide pola súa curmá e recibe como resposta que non está pero que, se quere, está a abadesa. Rodrigues Lapa indica (CEM:220 n1) que “tratase do mosteiro de S. Cristovão de Dormeá, nome actual, pertencente à diocese de Iria (Santiago de Compostela), fundado por volta de 1.150”. San Cristobo de Dormeá está no triángulo que forman Boimorto, Arzúa e Melide.

#### *RL141 CBN1553*

Aparece o topónimo Gordone, cun e paragóxico pois todas as terminacións en -ón/-or o levan, quizais por unha certa vontade de *italianizar* a cantiga a modo de burla. O único topónimo *Gordón* que atopei é o dun concello leonés (EUI vol.26:700), La Pola de Gordón.

#### *RL143 CBN1555*

Cantiga que incorpora diversos galicismos contra un tal Lopo Anaia, aldraxado por mullerego, dicíndolle que non se vaia. E que se o fai, pode facer tanto dano *come Fernand'e[n] Romai*. Romai está entre Caldas de Rei e Pontevedra. Temos tamén *Cambrai* áinda que como tipo de tecido. A Lopo Anaia aconséllanlle que *non se vaia de Sevilha/.../ca já nen un boi non trilha/en Oscos (...)* Os únicos topónimos Oscos que atopei —San Martín de Oscos (EUI vol 53:902) e Santa Eulalia de Oscos (EUI vol 54:20)— están na zona oriental de Asturias, preto de Vegadeo e Castropol, en ámbito lingüístico galego. Por iso, e tendo en conta a orixe asturiana de Fernan Soarez de Quiñones (GT:287) *Sevilha* sería só un recurso de rima (cf. RL256 *brial de Sevilha/aqui por maravilha*).

*RL187 CBN1468 CV1078*

A un Don Pero Nuñez aparéceselle un corvo cando *ia-s'a Santiago albergar.*

*RL201 CBN1329 CV 935*

Un tal Pero Coelho ten que marchar da súa terra *porque britou os caminhos.* Na súa fuxida *foi-s' el morar a França (...) e foi-s' el morar a Coira.* Rodrigues Lapa di (CEM:308 n7) que “França é lugar na Galiza”. Dos topónimos *Coira* (ou semellantes) veciños dalgún topónimo *França* (Francia), na miña opinión ten que ser Coiras, ao sul da Pena de Francia, moi preto de Oseira.

*RL202 CBN1330 CV 936*

Sátira contra un *sangrador de Leirea* que aproveitaba ter que procurar a vea ás mulleres para se aproveitar delas, para *no cūu apalpar.* O acoso sexual non é, pois, nada novo.

*RL227 CV1030*

Sátira contra Don Domingo Caorinha pola súa impotencia. Para Rodrigues Lapa (CEM:348 n16) refírese “talvez [a] qualquer decreto contra os forçadores de mulheres” cando a cantiga di *daqui atró en Toledo/non á clérigo prelado/que non tenha o degredo.*

*RL206 CBN1489 CV1100*

Sátira contra unha soldadeira a quen lle roubou un home co que estivera, e que foi visto en Santarem: *e o peon viron en Santarén.*

*RL243 CBN 104*

Cantiga contra Don Martin Gil por mor do seu matrimonio. Isto sucede *ogan', en Muimenta.* Hai diversos Muimenta en Galicia: un na Terra Chá, outro preto da Estrada, outro preto de Ribadavia, outro ao norte de Lalín e un derradeiro preto de Vilardevós, xa case na raia con Portugal. Sería este, na miña opinión, pois é o máis próximo ao río Sil, referencia toponímica que tamén aparece na cantiga: *e, a quen lho ementa/cedo moira no Sil.*

*RL244 CBN1545*

Sátira contra a soldadeira Maria Leve [posiblemente María Balteira] a causa do lugar onde a súa manceba quería ir morar: *ena Moeda Velha.* Este topónimo

aínda existe na cidade de Santiago, a rúa da Moeda Vella, detrás da catedral e de San Paio. Esta é a única referencia do nome dunha rúa presente non só no cancioneiro de burlas, senón tamén na lírica galego-portuguesa e, posiblemente, nas outras líricas románicas medievais.

*RL253 CBN1339 CV 946*

Unha das cantigas do miniciclo dos infanzóns de Lemos. Un deles *filhou-Ih'o manto caentele talhou-lhe en Benavente*. Benavente é unha localidade situada entre León e Zamora.

*RL254 CBN1340 CV 947*

Outra das cantigas contra os infanzóns de Lemos. O infanzón aldraxado fala ao trovador e dille que *ben t'ajudaran d'Orzelhon/quantos trobadore i son/a escarnecer o infançon*.

O topónimo *Orzelhon* (ou semellante) non o atopei en ningunha das obras consultadas. Podería ser un topónimo galego, tanto pola orixe de Lopo Lians coma da dos infanzóns aldraxados.

*RL256 CBN1342 CV 949*

Outra cantiga contra os infanzóns a causa dun brial mercado, *aquel brial de Sevilha/que aduss'o infançon*.

*RL269 CBN1354 CV 962*

Nova aparición do topónimo *Orzelhon*, aínda que non axuda á súa identificación. Na cantiga de Fernan Soarez Quiñones RL141 aparece un persoero chamado Martin Gonçalvez Zorzelhone. Rodrigues Lapa (CEM:225 n6) di a propósito que *Zorzelhone* “talvez seja erro, por *d'Orzelhone*, sendo *Orzelhon* un topónimo”. Por iso, tamén podería ser un topónimo astur-leonés, pois Soarez Quiñones era de orixe asturiana (GT:287).

*RL265 CBN1351 CV 958*

*RL266 CBN1352 CV 959*

*RL267 CBN1352 CV 960*

Miniciclo de tres cantigas contra unha muller que non cumpliría cos negocios carnais pactados e cobrados. A toponimia é ben precisa. A muller é chamada *a*

*dona fremosa do Soveral e a dona de Bagüin, que mora no Soveral.* Bagüin é “lugar de Galicia, en la parroquia de San Jorge Mogor, término municipal de Marín, provincia de Pontevedra” (EUI vol 7:188). Non atopei o topónimo *Soveral*.

A sona desta muller e o preito co trobador serían coñecidos *en Morraz'e en Salnés*<sup>14</sup>, é dicir, as penínsulas que afastan as rías de Vigo e de Pontevedra, e esta e a ría de Arousa. Temos, pois, un espacio homóxeneo e facilmente identifiable.

#### RL285 CBN 172

Sirventés que satiriza o rapto dunha doncela. *Sousela*, onde terían heranza os fillos do posible matrimonio do trobador coa raptada. Para Valeria Bertolucci (VBP:114 v16) “formaba parte das posesións dos Sousa; encóntrase preto de Porto, no Douro Litoral”. Tendo en conta isto, amais dun enfrentamento por distinta orixe social, se atendemos aos versos *ca me non an poreñ a desfiar/sen linhagem, nen deitar a Castela/e veredes meus filhos andar/netos de G[u]ed'e partir en Sousela*, poderíamos deducir tamén outro enfrentamento, causado por seren de reinos distintos: castelán quen quere acometer ás netas do conde, portuguesa a liñaxe deste.

#### RL286 CBN 173 CA 62

Nova sátira contra Dona Elvira Anes. Por despeito cara a ela por non obter o seu amor, o trobador di que marchará de *Santa-Vaia* para ir vivir *cabo da Maia, en Doiro, antr'o Porto e Gaia*. Temos unha nova descripción precisa, tanto que o autor o indica, tendo en conta que do Porto a Gaia só hai uns quilómetros, ánda que Maia está ao norte do Porto mentras que Gaia está cara ao sul. Esta licencia podémola perdoar por mor da rima.

Non atopei o topónimo *Santa-Vaia*, polo menos con esta grafía. Si que atopei, en troques, un *Santa-Valha*, “pobl. y feligr. de Portugal, en la prov. de Tras-os-Montes, dist. de Villa-Real, conc. de Valle Passos<sup>15</sup>, sit. a 2 kms. del río Calvo” (EUI vol 54:178). Para Valeria Bertolucci (VBP:116 v4) “*Santavaya*, como *Santa Ovaya, Santa Valha, Santa Olalha*, son formas que parten da forma latina SANCTA EULALIA (...) *Santa Vaya* encóntrase na Beira Alta, preto de Coimbra”. A prol disto está a grafía pero paréceme mais doado o camiño baixando polo Douro (desde Tras-os-Montes).

14. Sorprendentemente, este topónimo non ven recollido no atlas de Galicia sinalado na bibliografía.

15. En realidade ten que ser *Valpaços* (AUC:90 I 7)

*RL289 CBN1359 CV 967*

Un cabaleiro paga rescate, estando preso en Jaén. A sátira vai porque pagou más do que valía. Aquí temos un topónimo presente en cantiga de amigo, ainda que nun sentido absolutamente distinto. Para Rodrigues Lapa (CEM:437) “a mulher nao aprovaria tal negócio, pois se dera perfeitamente ben na sua ausênciā”, referíndose aos versos *ca diz agora sa molher/que este mercado nono quer/ saber, pois el tan mal mercou*. Dalgún xeito, a sátira podería ser unha inversión paródica da *ausencia de amigo*. Para Valeria Bertolucci (VBP:130) “a alusión a Jaén permite situa-la composición desta cantiga nun período posterior á conquista desta cidade, ocorrida en 1246”. Non discuto a afirmación da profesora italiana se consideramos a referencia a Jaén como *topos* temporal. Sen embargo, a acción narrada (loxicamente e posiblemente ficticia) sería anterior a 1246 pois o cabaleiro estaría cativo dos mouros, probablemente a consecuencia do asedio cristián. O tempo (pretérito perfecto) tería máis un sentido de pasado narrativo (como os contos) ca non de pasado histórico.

*RL317 CV1199*

Cantiga que satiriza a romaría de Pero de Ambroa a Terra Santa, posta en dúbida pola soldadeira Marina Mejouchi.

Do topónimo *Ultramar* aplicado a Terra Santa, Valeria Bertolucci (VBP:130) di que “os poetas galego-portugueses (...) o citan normalmente para lle dar unha simple referencia temporal ou espacial a aquilo que contan”.

Pedro Amigo di que *Pero d'Ambroa em Çoco de Ven/filhou a cruz pera Ierusalen*. Para Rodrigues Lapa (CEM:473 n9) este *Çoco de Ven* non lle queda claro e di que “o termo *çoco* é arabismo, para designar ‘mercado’ (...) Quererá dizer, por ironía, ‘o mercado do vento’?”. A ironía, na miña opinión, podería estar en se consideramos como hipótese que este *Çoco de Ven* é o *Zocodover* toledano: Pero de Ambroa mercaría unha cruz de romeu nun mercado mahometano!! Así, ¿como vai ser bon romeu?

*RL332 CBN1575*

Pranto de escarño contra un tal Pero Boo, *ca de Santiago até San Fagundo/mais vivedoiro omen non avia*.

*RL337 CBN1597 CV1129*

Sátira contra a Balteira porque *quer vingar/das desonras que no mundo pren-deu*. Pero o trovador fai un percorrido por onde andivo a soldadeira a deshonrar: Castela, León, Aragón e terra de mouros.

*RL338 CBN1198 CV1130*

Devolución de burla contra Pedro Amigo, tamén co motivo –entre outros– da viaxe a Terra Santa que Pero de Ambroa dicía ter feito, *e eu con el, quando vin d'Ultramar.*

*RL340 CBN1603 CV1135*

Disputa burlesca entre trovadores. Pero de Ambroa dille a Pero de Armea que *atan bel cuu com'esse vosso/...que o non possan en toda a terra achar/de San Fagundo atá San Felizes.* Hai –entre outros– un *San Felices* entre Soria e a Rioja (AUC:94 C2/EUI vol 53:663), un *San Felices de Castillería* no concello palentino de Celada de Roblecedo (EUI:*íbid*) e un *San Felices de Oca*, “el monasterio más poderoso del antiguo obispado de Oca (Burgos)” (*íbid*). Como sexa que o *San Felizes* é un recurso de rima con *narizes*, tanto ten, áinda que por razón de importancia e proximidade, eu inclínome polo mosteiro riojano.

*RL358 CBN1642 CV1176*

Sátira contra a Balteira logo da súa (suposta) romaría a Terra Santa (*Ultramar*).

*RL362 CBN1646 CV1180*

Sátira de *marido coroado*. Isto sucedería en Burgos, onde estarían coitados pola perda do *rei dos cornudos*, persoaxe sen dúbida festivo.

*RL367 CBN1651 CV1185*

Sátira contra unha muller que aprendía á súa filla a *ambrar*. E tan ben o facía *que, desde Paris atēes acá/molher de seus dias non á/que tan ben s'acorde d'ambrar.*

*RL368 CBN1653 CV1187*

Sátira contra unha muller alcuñada *Peixota*. A contradicción irónica está en situala en Toledo, cidade do centro peninsular e, polo tanto, un dos puntos máis alonxados do mar, ou como di Rodrigues Lapa (CEM:545) “uma cidade pobre de pescado”, cousa que xa a di Pero da Ponte: *mui māa [vila] de pescad' é.*

*RL377 CBN1375 CV 983*

Sátira contra Fernán Diaz, persoaxe recurrente no cancionero de burlas. A propósito dunha viaxe que fixera a Ultramar, e en linguaxe encoberta, é aldraxado –como sempre– por sodomita, esta vez porque precuraba un *castoador/que lh'o*

*olho soubess' encastoar.* Este *olho* foi trocado por pedras, un zafiro. Sen embargo, eran *maos contrafeitos del Poi*, “uma safira falsa, originária dos lapidários de Puy de França” (CEM:558 n19). O profesor portugués non especifica se se trata da cidade de Lo Puèg ou do macizo de Lo Puèi de Doma, ambos os dous en Alverña.

#### *RL381 CBN1379 CV 987*

Nova sátira contra Fernán Diaz, nomeado meiriño polo rei Afonso, con autoridade *dês Viveiro ata Carron*, é dicir sobre terras galegas, asturianas e leonesas. A aldraxe de homosexualidade quedaría explícita no verso *trasnoitou sobre' un om'a Leon*.

#### *RL384 CBN1382 CV 990*

Se ben nesta cantiga non aparece ningún topónimo, si que hai unha referencia claramente urbana: *Maria Negra vi eu, en outro dia,/ir rabialçada per ūa carreira.* É dicir, exercería a prostitución –con certa publicidade– nunha rúa.

#### *RL410 CV1026*

Se ben Rodrigues Lapa (CEM:602) di que esta cantiga é un “escarnho d’amor, em que este Casanova do século XIII (...) desdenha nada menos de quatro mulheres”, na miña opinión, máis ca catro mulleres son catro tipos de muller: unha calquera (*a de Belenha*), unha doncela (*a donzela d’Arcos*), unha señora (*Dona Maria*) e unha soldadeira (*Sevilh’Anrique*). Sería, dalgún xeito, unha sátira misóxina.

No tocante aos topónimos, atopei dous *Beleña* (EUI vol7: 1495), un en Guadalajara e outro en Salamanca. Respecto a *Arcos* hai diversos topónimos con esta denominación na Península. Mantendo que sexa *Arcos*, hai con este nome localidades galegas (en Silleda, Cuntis, Esgos, Amoeiro, Gondomar, Lama, Meis, Tui, Chantada), portuguesas (Vila do Conde, Braga, Ponte do Lima, Extremoz, Armamar), entre outros (UEI vol5:1314). Poboacións de máis importancia con esta denominación están Arcos de la Cantera (Cuenca), Arcos de la Frontera (Cádiz), Arcos de la Sierra (Cuenca), Arcos de la Polvorosa (Zamora) e Arcos de Val-de-Vez (Viana do Castelo, Portugal). Arcos de Jalón non aparece, polo menos con esta denominación, na EUI. Esta localidade soriana está moi próxima á provincia de Guadalajara (AUC:93 J12). Podería haber unha relación, polo tanto, entre a Beleña da provincia de Guadalajara e Arcos de Jalón. Non obstante, non tería máis importancia por ser só un recurso de rima.

#### *RL412 CBN1435 CV1045*

Nova sátira misóxina de Páez de Ribela. Tamén aquí temos unha doncela, *a donzela de Biscaia*. Sería un *topos* de rima (con *saia*), o cal reforzaría o que sinalei no comentario da cantiga anterior respecto de *Belenha* e de *Arcos*.

**RL417 CBN1440 CV1050**

Sátira por unha disputa entre o xograr e un comendador por mor dunha muller, roubada polo segundo ao primeiro. O xograr di que lla troca por *outra d'Alanquer*. Para Rodrigues Lapa (CEM:609) “a referencia à vila de Alenquer tem a sua importânciia, porque poderia significar que o jogral fosse português, apesar doutras alusões que faz a topónimos estranhos (...) Mas também se pode tratar de un nome empregado para efectos de rima”. Segundo a lóxica dos dous comentarios anteriores, eu son da opinión que, efectivamente, este *Alanquer* é un recurso toponímico para rimar con *muller*. Na bibliografía consultada –suficiente sen ser exhaustiva– non atopei Alenquer en Portugal sendo, posiblemente, hoxe una vila moi pequena. Existe un Alenquer no Brasil, na beira do río Amazonas, preto de Manaos.

**Patronímicos****RL148 CBN1604 CV1137**

O galano que o trovador lle dá á abadesa son *quatro caralhos franceses/e dous aa prioressa*. A mais da boa descripción destes instrumentos –consoladores de marfil– resulta curioso que xa no século XIII Francia xa era tida como un xeito de *sex-shop*.

**RL192 CBN1457 CV1067**

Sátira contra Pero de Ambroa. Segundo Rodrigues Lapa (CEM:294), o trovador tería “um emprego junto dum señor de categoria. Certo albergueiro queria negar-lhe a roupa que era obrigado a dar-lhe. João Baveca recomenda-lhe como había de castigar o homem: aplicar-lhe o volumoso nariz no traseiro”. Pero no derradeiro verso *que ja sempr' aja d'Espanhoes medo*, esta distinción patronímica, podería sinifcar que este señor a quen tería que castigar sería estranxeiro, ou como di Rodrigues Lapa (*ibid.n14*), “o albergueiro não seria peninsular”. Mais ca *non peninsular* poderíase acoutar, en principio, esta estranxería a non ser súbdito dos reinos portugués ou castelán-leonés. Sen embargo, había unha liñaxe aragonesa, os Español, que acompañaron ao rei Jaume I na conquista de Mallorca (EUI vol 22:4-5).

**A MANEIRA DE SÍNTSESE****Topónimos binarios como medida**

O emprego que dos topónimos resulta más frecuente é o de colocar dous deles como comparación. Isto témolo nas cantigas:

- RL 80 *ca d'Estorga atá San Fagundo*  
RL 81 *adeantado (...) de San Fagundo e d'Esturas d'Ovedo*  
RL130 *de Burgos a Carrión en toda Castela*  
RL227 *daquí atró en Toledo*  
RL332 *ca de Santiago atá San Fagundo*  
RL340 *de San Fagundo atá San Felizes* }  
RL367 *que, desde Paris atées aca*  
RL381 *dês Viveiro ata Carron*

É doado deducir que neste grupo aparece un eixo formado por tres topónimos: *San Fagundo* [Sahagún], *Carrión* [de los Condes] e *Burgos*. Este eixo non é casual, na miña opinión. Máis cara ao sul del está Tierra de Campos, é dicir, as terras castelás que xa non están ao abrigo das montañas, as terras chas que non atopan outro obstáculo xeográfico atá as serras de Guadarrama e de Gredos, que afastan as dúas Castelas. Este eixo Sahagún-Carrión-Burgos forma parte do Camiño de Santiago, constituíndo o seu tramo central.

#### *Percorridos*

- RL 30 *de Castr'a Burgos e end'a Palença/e de Palença sair-me a Carrión/e end'a Castro...*  
RL 62 *que en Leirea tragia/e pois veo a Santaren*  
RL201 *foi-s' el morar a França (...) e foi-s' el morar a Coira*  
RL337 *mais começ' ant' en reino de Leon (...) e en Castela foi-a desonrar (...) e os mouros pense de os matar (...) dos mais que á no reino d'Aragon*

O primeiro dos casos recollidos ven reforzar aquilo que dixen no apartado anterior verbo do eixo Sahagún-Carrión-Burgos, reforzado con Castrojeriz (entre Carrión e Burgos), e con Palencia ao sul e no centro do tramo, de maneira que quedaría un triángulo que, aínda hoxe, resulta evidente se consultamos un mapa calquera: a estrada que vai de Burgos a Carrión e as liñas de ferrocarril que, procedentes de León e de Burgos, conflúen en Venta de Baños, preto de Palencia (AUC:92 E G 3 8).

#### *Delimitacóns dunha zona*

- RL265 *a dona fremosa do Soveral*  
RL266 *a dona de Bagüin (...) que mora no Soveral*  
RL267 *en Morraz'e en Salnés*  
RL286 *pois me vou de Santa Vaia:/morarei cabo da Maia/en Doiro, antr'o Porto e Gaia en Sanxoane e en saia./Morarei cabo da Maia/en Doiro, antr'o Porto e Gaia*

### *Topónimos relíxiosos*

Non son moi abundantes os topónimos que leven implícita unha connotación relíxiosa. Temos o mosteiro portugués de *Arouca* na cantiga de López de Baian (RL:59), o mosteiro galego de *Dormaña* na de Fernán Páez de Talamancos (RL136). O *San Felizes* da cantiga de Pero de Ambroa (RL340) podería ser o mosteiro rioxano de San Felices de Oca, nos Montes de Oca que afastan Castela da Rioja<sup>16</sup>.

### *Ultramar*

Motivo de sátira polas romarías que, supostamente, algúns fixeron. Aplicado sempre a Terra Santa, témolo na cantiga de Pedro Amigo contra Pedro de Ambroa (RL317), na de Pero de Ambroa contra Pedro Amigo (RL338), na de Pero da Ponte contra a Balteira (RL358) e na de Pero Garcia Burgalés (RL377). Na cantiga de Pedro Amigo (RL317), amais van asociados algúns outros topónimos como *Ierusalen* e *Coco de Ven*.

### *Referencias urbanas*

Amais dos nomes de cidades, praticamente ausentes nos outros xéneros, no cancioneiro de burlas hai algunas referencias claramente urbanas como a da rúa da *Moeda Vella* (RL244) ou a práctica da prostitución en *ña carreira* (RL384).

Joaquim VENTURA

---

16. Vilafranca de Oca, a principal vila da zona, está tamén no Camiño de Santiago.

## BIBLIOGRAFÍA

- VBP BERTOLUCCI, P., Valeria
- CRUZ COELHO, M. Helena da
- MM MARTINS, Mário
- RMP MENÉNDEZ PIDAL, Ramón
- PANUNZIO, Severio
- XRP PENA, Xosé Ramón
- APT PINHEIRO TORRES, Alexandre
- CEM RODRIGUES LAPA, Manuel
- KS SCHOLBERG, Kenneth
- GT TAVANI, Giuseppe
- VENTURA, Joaquim
- EUI
- AUC
- AG
- As poesías de Martin Soárez*, Galaxia, Vigo, 1993
- O mosteiro de Arouca nos séculos XII a XV*, Univ. de Coimbra, 1977
- A sátira na Literatura medieval portuguesa*, ICP, Lisboa, 1977
- Poesía juglaresca y juglares*, Austral, Madrid, ed.1991
- As poesías de Pero da Ponte*, Galaxia, Vigo, 1993
- Literatura galega medieval*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1986
- Antologia da poesia trovadoresca galego-portuguesa*, Lello & Irmao, Porto, 1987
- Cantigas d'escarnho e mal dizer*, Galaxia, Vigo, 1970
- Sátira e invectiva en la España Medieval*, Gredos, Madrid, 1971
- A poesía lírica galego-portuguesa*, Galaxia Vigo, 1986
- Sátira obscena no Cancioneiro de burlas medieval galego-portugués*, Barcelona, 1990-1992
- Enciclopedia Universal Ilustrada*, Espasa Calpe, Madrid, 1985
- Atlas Universal Català*, GEC, Barcelona, 1983
- Atlas de Galicia*, Salvora, Santiago de Compostela, 1982

---

NOTA: A numeración das cantigas sigue a da 2<sup>a</sup> edición do Cancioneiro d'escarnho e maldizer de Manuel Rodrigues Lapa.